


Autor: **ALEXANDRE HONRADO**
 Ilustrador: **JOSÉ MIGUEL RIBEIRO**
 Tradución: **XOSÉ BALLESTEROS**

Encadernado en cartoné. 24x22 cm.
 50 páxinas. Ilustracións a cor.

Dispoñible en:

-Galego: "O neno que aprendeu a voar". Colección Maremar
 ISBN 978-84-8464-623-5
 -Castelán: "El niño que aprendió a volar". Libros para Soñar
 ISBN 978-84-96388-58-1

Prezo: 15 €



O NENO QUE APRENDEU A VOAR

**-“Un día vou aprender a voar...”, dixo o avó.
 O certo é que, nunha tarde cor de abelás e noces,
 entre un baile de follas douradas e vermellas de
 outono, o avó levantou o voo e desapareceu.
 Onde foi? Onde está? Foi ese mesmo día cando o
 neno tamén decidiu aprender a voar.**

- **Temática:** a perda dos seres queridos, a lectura como porta aberta á imaxinación
- **Idade recomendada:** a partir de 10 anos
- **Aspectos destacables:** expresar emocións, progresar no nivel escrito empregando recursos literarios; novidosa proposta estética, a base de figuras en miniatura feitas á man e dispostas nun estudio fotográfico para a súa reprodución.

O protagonista desta historia tratará de suplir a ausencia do seu avó facendo o mesmo que el: coleccionar todo tipo de obxectos. Neles, e especialmente nos libros, atopa a resposta a todas as preguntas. Como alimento do espírito, a lectura proporciona sabedoría e solución a moitas dúbidas, mais o rapaz non consegue a fórmula para aprender a voar. Recurrirá entón ás palabras do seu avó, que lle recomendaba -para todo- ter forza de vontade.

Alexandre Honrado elabora un texto de gran calado poético no que aprender a voar é unha metáfora da invitación a viaxar coa imaxinación. Tamén trata dun xeito sutil e delicado o baleiro que deixa a ausencia dos seres queridos. As ilustracións de José Miguel Ribeiro destacan polo seu estilo cinematográfico, cheas de colorido e xogos de perspectivas.

ALEXANDRE HONRADO (Lisboa, 1960)

Empezou escribindo pezas de teatro, pero o seu primeiro libro editado foi “Castelinhos no ar”, un relato breve de temática ecolóxica. Colaborou con xornais, revistas, programas de radio e televisión. Ademais de xornalista, tamén exerceu como profesor universitario. Despois de 40 títulos publicados en Portugal e noutros países, converteuse nun autor de referencia para o público xuvenil. A maior parte da súa produción literaria son obras de ficción, pero tamén escribiu manuais escolares, letras de cancións, guións de películas e de traballos audiovisuais. Recibiu, entre outros, o Premio de Literatura Infantil Conmemorativo do 60 aniversario da Maternidade Alfredo da Costa -onde naceu o propio Honrado- polo seu libro “História dentro de uma garrafa”.

JOSÉ MIGUEL RIBEIRO (Amadora, 1966)

Licenciouse en Artes Plásticas, na especialidade de Pintura, na Escola Superior de Belas Artes de Lisboa. Estudou animación e deseño de volumes na Lazenec-Bretaña de Rennes e na Filmógrafa de Porto. Traballou para editoriais como Caminho e revistas como Rúa Sésamo, Elle ou o xornal Independente. Especializouse no eido da animación, polo que recibiu varias distincións.

En 1996 foi premiado no Cinanima cunha curtametraxe titulada “O banquete de Rainha”. Coa mediametraxe “A Suspeita”, realizada entre 1997 e 2000, recibiu o Cartoon D’Or 2000. Posteriormente traballou nunha serie de animación infantil con plastelina, “As coidad Lá de Casa”, premiada no Cinanima 2002 e no AniMadrid 2004. Tamén destaca a súa faceta como ilustrador de libros, que compaxina coa formación e co cinema de animación.

